

La multiculturalidad

Javier de Lucas Martín, (Coord.)

Madrid: Cuadernos de Derecho Judicial, 2001

A multiculturalidade non é un fenómeno social novo. Éo si como preocupación, debido á impregnación de que o prové o renacemento do racismo en Europa, as reivindicacións culturais das minorías étnicas e o recoñecemento de carácter integral a que apelan os pobos indíxenas. A multiculturalidade xa se encontraba presente na colorida polietnicidade que se apreciaba nas cidades da antigüidade, onde confluían mercadores e grupos humanos de orixes xeográficas e pobos diferentes. Por outra parte, nas relixións antigas e medievais, di C. Kluckhohn, a idea de raza ocupaba pouco lugar ou ningún, e a case totalidade delas incluían o concepto de irmandade universal.¹

A plácida relación social entre dúas razas no cadro *O xardín das delicias* de Jerónimo Bosch, de comezos do século XVI, non plasma a discriminación que se imporá co sistema colonial. Jean-Paul Sartre, no prólogo do libro de F. Fanon *Os condenados da terra*, describe así o carácter perverso do dito sistema: «A violencia colonial non se propón só como finalidade manter en actitude respectuosa ós homes sometidos, trata de deshumanizalos. Nada será aforrado para líquida-las súas tradicións, para substituí-las súas linguas polas nosas, destruí-la súa cultura sen dálle-la nosa; embruteceráselles ata o cansazo (...).»²

¹ Véxase en Clyde Kluckhohn *Antropoloxía*. Editorial del Fondo de Cultura Económica. México, 1972.

² Véxase o prólogo de Jean-Paul Sartre ó libro «*Os condenados da terra*» de Franz Fanon. Editorial del Fondo de Cultura Económica, México, 1969.

É o «modo de ver» ó Outro de pel distinta que se herdou do colonialismo, o que nas últimas décadas se tentou estirpar da conciencia con diferentes resultados. Aínda que xa non hai colonizados nin escravos en América –a distinción hai que facela por mor do recente brote escravista con nenos en África ecuatorial atlántica–, hai pobos indíxenas herdeiros dos anteriores, con recoñecementos atrasados, parciais e que se resenten da existencia dunha diferenca creada como desigualdade marxadora e excluín-te. A preocupación por instaurar unha educación que respecte a cultura dos pobos indíxenas e que, ó mesmo tempo, sexa un vehículo para un desenvolvemento social e económico equitativo na sociedade, é dalgún xeito unha forma de facerse cargo dos danos que se lles ocasionaron co sistema colonial, unha historia que lles supuxo atropelos e espoliacións xa desde o comezo do proceso.

O libro, plasmación escrita dun curso co mesmo nome, aborda a multiculturalidade desde a propia base conceptual, isto é, o concepto de cultura, como tamén os seus alcances conceptuais fronteirizos como son as ideas de interculturalidade e de transculturalidade. Igualmente, trata acerca das vinculacións socioantropolóxicas da multiculturalidade, como é o caso especial da educación e o proceso de aculturación que se inicia a partir do contacto cultural que o fenómeno multicultural provoca.

Ofrece en primeiro lugar dúas reflexións que tentan chama-la atención sobre a complexidade diso que segue denominándose «sociedade multicultural». Na primeira, que desenvolve o profesor Gianni, advírtese sobre a prioridade de adoptar un punto de vista non esencialista, senón práctico, o da filosofía práctica, para reivindicar-la necesidade de debater sobre os *multiculturalismos* en clave política. A segunda, asinada polo propio Javier de Lucas Martín, coordinador do libro, tenta contribuír á superación dalgunhas confusións conceptuais en torno ás sociedades multiculturais, confusións acrecentadas, pola irrupción do perturbador libro do profesor Sartori³, e pola óptica etnicista que, no noso contexto, parece unha esixencia de certo discurso sobre os «perigos da inmigración».

No segundo bloque abórdanse en clave de problemas algúns «escenarios» da nosa sociedade multicultural. Máis concretamente tres, aínda que sen dúbida poderían ter sido outros. O primeiro é o máis importante porque nos sitúa ante a ameaza fundamental, a do incremento do racismo e da xenofobia como un custo aparentemente inevitable da nosa transformación en sociedades multiculturais. Para falar de racismo e xenofobia en relación coa aceleración e cos cambios cualitativos dos fluxos migratorios que teñen por destino España, cóntase coa participación do profesor Martínez Veiga, probablemente o antropólogo que mellor coñece desde hai anos a situación, os trazos, os procesos sociais, relacionados coa emigración como axente de multiculturalidade no sur da Península Ibérica.

³ SARTORI, Giovanni , *Pluralismo, multiculturalismo e estranei*. Ed. Rizzoli, Milano, 2000.

A segunda colaboración, desenvolvida pola profesora Souad El Hadri, da Universidade de Oujda, é o argumento da incompatibilidade cultural co que algúns (Hungrington, Sartori) denominan o «inimigo cultural», o Islam. Se hai algún punto no que a presenza do Islam como factor de multiculturalidade parece presentar problemas é o estatuto da muller, que, sen embargo, dista de ser homoxéneo. A profesora El Hadri presenta alternativas á disxuntiva laicidade-fundamentalismo, desde o estudio da experiencia xurídica de Túnez, Alxeria e Marrocos.

O terceiro caso de conflito na nosa sociedade multicultural vén de recibir un tratamento mediático inusitado: é o caso dalgunhas prácticas rituais femininas que de modo simplista e en termos de fobotipo se identifican só coa ablación para xustificar a tese da incompatibilidade dunha parte dos axentes do multiculturalismo coa nosa convicción de defensa da universalidade dos dereitos humanos. A profesora A. Kaplan, que dirixe desde hai anos un proxecto de investigación sobre ese tema, ten ó seu cargo a representación.

E finalmente o terceiro bloque está dedicado a algunhas propostas de xestión das sociedades multiculturais que arrancan da valoración da interculturalidade como modelo, pero tentan concretala para que non se quede nunha fórmula retórica, abstracta, como sucede coas respostas que se dictan a miúdo criticamente, como a da tolerancia ou a neutralidade. En primeiro lugar, a profesora M^a. J. Añón examina a alternativa de transformación da noción de cidadanía como vía para xestionar a multiculturalidade e dedica a súa intervención á denominada «cidadanía diferenciada», sobre a que publicou xa diversos traballos que foron obxecto de debate. Xunto a ela, a profesora N. Torbisco, desenvolve a súa análise da proposta que insiste no recoñecemento de dereitos colectivos como solución. Finalmente, o profesor M. Delgado, que, desde a antropoloxía, fixo algunhas das contribucións máis interesantes a propósito da multiculturalidade e inmigración, ten ó seu cargo examinalo que se formula como a clave: a integración, desde a afirmación provocadora de que a cohesión non significa coherencia, pero ó mesmo tempo desde unha posición que reivindicaba o modelo republicano tal e como foi teorizado por Habermas, dun xeito polémico respecto a outras contribucións, o que permite unha presentación, tal e como corresponde ó que debe ser este debate.

Nos últimos anos asistimos a un xusto e saudable recoñecemento do reto que para as sociedades democráticas supón a convivencia de xentes de talentos e tradicións culturais ben diversas. Dun xeito ou doutro parece que estamos condenados a admitir a diversidade como unha constante do escenario cívico. Para as sociedades democráticas isto tiña unha dobre e ambigua consecuencia. Por unha parte, a parte positiva, por así dicilo, ese recoñecemento fortalecía unha razoable idea de cidadanía, desprendida de toda pretensión de «raza» ou «identidade» común, unha idea de cidadanía como un conxunto de individuos que se outorgan mutuamente dereitos e liberdades, sen importar procedencias, cor da pel ou esencia histórica: desde a perspectiva radicalmente cidadá ninguén é

máis que ninguén, non importa se chegou onte ou antonte. Sen embargo, por outro lado, o lado negativo, o reto multicultural, presentaba unha complicada relación co ideal democrático, polo menos nalgúns dos intentos de dota-la «perspectiva multicultural» dunha articulación intelectual medianamente recoñecible, cando se traducía, para dicilo sinteticamente e pola vía do exemplo, en principios de tipo: «a democracia é só un modo de vida entre outros», «tódalas culturas son iguais», etc.

Nese caso a tensión coa herdade ilustrada e democrática é inmediata. Desde o principio, desde o que ten tradición emancipadora: non se sabe moi ben de qué modo se pode condena-la inxustiza ou loitar por unha sociedade máis libre se non se está disposto a condenar uns modos de vida, unhas organizacións sociais que se xulgan inxustas, isto é, peores, desde un punto de vista moral, ca aqueles que se queren defender. Con algún detalle, e polo que atinxe á idea de democracia, o multiculturalismo, polo menos nas súas versións máis bastas, presenta tres nós de fricción: a) a *regra da maioría* que aparece como un perpetuo perigo para «a diversidade», para as culturas minoritarias; b) *os dereitos* que, aínda que nacen para evita-los posibles excesos da regra da maioría, limitaríanse, segundo a perspectiva multicultural, a unha mirada «occidental», a certos valores ós que se lles conceden pretensións de validez transcendental, para tódalas culturas; c) a *igualdade de poder* recollida, por exemplo, na fórmula «un home, un voto», que establece unha prioridade dos individuos sobre as comunidades (culturais) e que casaría mal coa tese de que as culturas son valiosas moralmente en tanto que tales.

O exame dalgunhas das esixencias propias da profundización no pluralismo esixiría abordar un amplo abano de cuestións que non están ó alcance dun só libro. Baste pensar, por exemplo, nas alternativas ás solucións liberais (que son, basicamente, a garantía das liberdades individuais e, en todo caso, a tolerancia⁴), na necesidade de revisa-lo principio de igualdade, no debate sobre políticas interculturais como esixencia dunha xestión da sociedade multicultural acorde coas regras do Estado de dereito e da democracia, ou sobre o novo modelo de cidadanía propio desa democracia multicultural que tome en serio o pluralismo.

Este libro limitase a sinalar por onde cre que non deben i-las cousas. Desde logo, unha cousa é recoñecer que pola ruta emprendida non se vai a ningures e outra avanzar no camiño. Por suposto que non é suficiente, pero algo axuda. Sempre é mellor recoñecer que non se ten solución que buscala onde non está, polo menos afórranse enerxías. Despois de todo, boa parte dos progresos da humanidade consistiron en mostrar que do que se trataba non era de contesta-las preguntas, senón de cambialas, de adoptar unha mirada nova. A pregunta é por

⁴ Os social-liberais engadirían a «política de acción afirmativa» ou as medidas de «discriminación positiva».

suposto ¿cara a onde miramos? Os vellos e nunca realizados ideais de cidadanía, dun conxunto de xentes que se aseguran mutuamente dereitos e liberdades, é unha boa dirección. Moi ben pode suceder que para encarar da mellor maneira o problema multicultural haxa que empezar por esquecerse do multiculturalismo.

Juan M. González Hiltner

Bolseiro investigación EGAP